

RESULTADOS: COPA EUROPA JUNIOR PORTUGAL **COIMBRA, 17-18/03/2012**

A selección Galega Junior participou este fin de semana na Copa de Europa Junior de Portugal, celebrada en Coimbra, sen demasiada sorte, tan só Sara González Grandal conseguiu loitar polas medallas na categoría de -70kg e ao lograr a 5ª praza sumou os primeiros puntos do ano.

Doutra banda o Presidente da Federación Galega desprazado á cidade portuguesa logrou un principio de acordo cos nosos veciños da federación Portuguesa para a firma dun convenio de cooperación deportiva que beneficie a ambas as federacións. Nunha comida de irmandamento celebrada no Hotel D. Luís de Coimbra, á que asistiron o Presidente do Comité Olímpico Portugues, D. José Vicente Moura, o Presidente da Federación Portuguesa, D. Carlos A. Correia Andrade, o director deportivo da Federación Portuguesa, D. Luís Fernandes Monteiro e o noso Presidente, D. Mario Muzas Cobo, fixaron os principios desta colaboración e acordaron asinar o mencionado protocolo os próximos días 26 e 27 de maio na Coruña, coincidindo coa celebración da Copa de Europa Junior de España na Coruña.